



Concello de Gondomar

Programa formativo das aulas de teatro
(curso académico 2025-2026; Mocidade)

As Aulas de teatro levan dende 2012 formando a alumnado novo e dende 2018 adulto en Gondomar sendo un referente da cultura dende outro enfoque. O Concello de Gondomar fai neste sentido una aposta teatral única que cada ano chama máis á atención de propios e foráneos.

Obxectivos e metodoloxía do traballo

Iniciar aos adolescentes no mundo do teatro, das artes escénicas e da creación. Motivalos para descubrir a súa imaxinación, ordenando as ideas e o discurso, o cal lles facilitará o traballo diante do público, nos seus estudos, e nas presentacións orais na escola e a universidade.

Estimular a lectura de textos clásicos, o seu coñecemento e posterior representación, así como a memorización dos mesmos que conleva ao crecemento persoal e fomenta a seguridade diante dos outros.

A metodoloxía é diversa, por unha banda o traballo corporal e a actividade física como xeradora da posta a punto para afrontar a presenza escénica ante o público e que inclúe a creación de personaxes. Traballase así mesmo a coordinación, o equilibrio e a gradación da enerxía de todo o corpo, a mirada e a escoita.

E non hai que esquecer a conciencia de equipo sen a cal non sería posible o feito teatral. Doutra banda está o traballo vocal coa lectura de textos na que se adestra a entoación, o ritmo e a gradación da voz.

O uso da música en escena ten unha función mobilizadora, non só para bailar e cantar, senón tamén como material de apoio, que reforza o traballo corporal e a escoita.

Todo o *training* das clases leva á conciencia cun mesmo, co outro e cara ao outro, así como a concentración que será a base de todo o proceso.

Os rapaces e rapazas que fan teatro son resolutivos, saben expoñer con máis facilidade as súas ideas e falar en público con destreza e soltura.

Materias e Temario

1) POSTA A PUNTO CORPORAL: O quecemento e estiramento corporal ao comezo das clases para a súa posta a punto. Atopar a base física e os puntos corporais esquecidos e bloqueados para comezar a mover e afinar o corpo como o "instrumento" que é para o actor e actriz.

2) A DESINHIBICIÓN CORPORAL: estados de ánimo, xogos rítmicos no espazo (corpo

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 Pontevedra. Tfno. 986360125. Fax: 986360875



Concello de Gondomar

no espazo), xogos no espazo (crear con e sen movemento). Traballo de contrarios onde a coordinación é a base do comportamento.

3) ADESTRAMENTO DA VOZ: A voz mostra sempre o estado de ánimo das persoas por iso é importante ser conscientes de como falamos para así recoñecernos na nosa propia voz. O traballo nas aulas desenvólvese a través dun adestramento consciente de:

- A velocidade, a altura, o apoio en certas palabras para falar.
- A ruptura de pautas establecidas e o recoñecemento da propia voz facilitará o seu uso sen danar as cordas vocais.
- A aprendizaxe pasa por graduar a voz, alternar o grave e o agudo, o rumoreo, a dicción, e a proxección da mesma.
- Lecturas dramatizadas con xogos de imitación, cambio de rexistros, e a reprodución dos sons da natureza, o uso de onomatopeas que levará a voz á acción teatral.

4) GALERIA DE PERSONAXES E PERSONAXES ESTEREOTIPADOS: os personaxes créanse e créanse desde onde a imaxinación pode desenvolvese para logo cambialos e darlles o matiz persoal.

5) ENTRAR E SAÍR DE ESCENA: como entrar e saír de escena é unha das bases teatrais. O actor e a actriz deben coñecer as técnicas para que este feito importantísimo sexa parte do seu proceso cara á representación dunha obra.

6) ESTAR EN ESCENA: Saber manter a presenza, o control do corpo, as pausas, os silencios e o movemento.

7) COREOGRAFÍA DE ACCIÓNS COTIÁS: Partindo de accións básicas da vida cotiá recreamos a coreografía corporal coa utilización da música que xera o movemento e o ritmo das mesmas

8) A MIRADA: Mirar ao outro, observar, relaxar a mirada. Desde un movemento pequeno ata a amplitude da mirada. Atravesar distintas posibilidades de mirada. Os ollos que choran, que rin, que observan e ameazan.

9) CREACIÓN DE PERSONAXES: Métodos e formas diferentes de creación dun personaxe dado ao que engadiremos a nosa propia personalidade. Un personaxe non é igual a outro polo tanto hai que coñecer o material psicolóxico de cada un. É un adestramento divertido de transformación.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 Pontevedra. Tfno. 986360125. Fax: 986360875



Concello de Gondomar

10) ESCENAS ACOUTADAS: só voz, só acción e unión de ambas. Recreando escenas desde o texto, desde o movemento e desde a unión de ambos.

11) RELACIÓN CON OBXECTOS: Os obxectos e as súas múltiples posibilidades. Xogos de invención e imaxinación onde podemos converter un obxecto no que queiramos.

12) O TEXTO CON CONSIGNAS DE LECTURA: Ler de distintas formas, xogar coas palabras, coa voz e coa entoación. Converter un poema nunha escena dialogada. Improvisación sobre textos dados.

13) A MÁSCARA FACIAL: A cara é a máscara do actor e con ela pode transformarse nun personaxe: aburrido, alegre, distante.

14) IMPROVISACIÓN: dirixida, libre, con texto, sen texto. O xogo de improvisación é unha das partes importantes da aprendizaxe teatral. Axuda a pensar rápido, a solucionar, a traballar en equipo e sobre todo, a estar atento/a e escoitar ao outro.

Ao final de cada improvisación o grupo observado polos compañeiros/as escoita os seus argumentos e a valoración da mesma. O alumnado aprende así a non xulgar aos demais si non é a través de argumentos que deben ser explicados en base aos seus coñecementos. Así fomentase a crítica a través do respecto.

15) TEXTOS: Nas aulas utilízanse lecturas de clásicos para que o alumnado coñeza aos grandes autores e tamén se escriben en conxunto outros textos.

16) OS ENSAIOS: A última hora da clase é utilizada para ensaiar unha obra nova ou tamén para repasar algunha que xa estea no repertorio.

Os textos escríbense especificamente para a aula e todos e todas participan da súa creación aportando ideas.

17) ACTUACIÓN ANTE O PÚBLICO: Os grupos de teatro das aulas estrean a súa obra nova en xaneiro dentro da Mostra de Teatro afeccionado do Val Miñor pero tamén actúan noutros lugares dos arredores cando son convidados.

Lido e conforme

Asdo.: O/a solicitante
pai/nai/titor

Asdo.

(en caso de menor de idade)

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 Pontevedra. Tfno. 986360125. Fax: 986360875



Concello de Gondomar

.....de.....do 2025

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 Pontevedra. Tfno. 986360125. Fax: 986360875